

Recomendación dirixida ao Concello de Padrón no sentido de anular a débeda requirida ao interesado, toda vez que o mesmo non podía ter licencia de venda ambulante no periodo que se lle reclama

Expediente: L.4.Q/6928/21

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Sr. Alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención [REDACTED]

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón o seguinte:

“ Fai 10 anos deixei de asistir o mercadillo de Padrón como vendedor ambulante. Lle comuniquei os vixilantes do mercadillo que deixaba o posto e que podían dispoñer del para asinarllo a outro vendedor. Agora acaban de descontarame da devolución de facenda 661,99 euros das taxas do ano 2017.”

Ante iso requirimos informe a ese Concello, que nolo remitiu. No seu informe indicaba que

De acordo ao establecido na Ordenanza reguladora da taxa pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atracción en terreos de uso público Publicación definitiva : 24-12-2001 BOP N° 293

Redacción Aplicable desde 23-01-2008 no seu artigo 6 - PERIODO IMPOSITIVO :

«O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, en tal caso abarcará dende a data da concesión e a autorización municipal ata o fin do ano natural.

A taxa devengarase o un de xaneiro de cada ano nos supostos de autorizacións anuais e as cotas serán irreductibles, salvo que a data de inicio non coincida coa do devengo en tal caso as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para finaliza-lo ano, incluído o de inicio da utilización ou aproveitamento.»

Polo tanto,

Os Padróns do Mercado dos pasados anos, cada un deles, estiveron expostos ao público por período de dous meses en cada anualidade, tal e como establece a normativa vixente, durante os cales █████ non presentou alegacións.

Que non consta nas dependencias municipais documento ou solicitude documental que acredite a baixa, xa que ata o día de hoxe, segue a figurar nos padróns fiscais do mercado.

Polo todo elo non procede a anulación da débeda contraída co Concello de Padrón polas taxas correspondentes.

En relación coa morosidade do pago das Taxas, indicar que se está a seguir o procedemento establecido na lexislación vixente para proceder a súa recadación, enviando as débedas, unha vez chegan a fase executiva, a súa recadación pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, en virtude do convenio de colaboración.

Con data de 27/09/2021 solicitouse do Concello informe complementario expresamente sobre cómo se articula a non renovación dos postos, anual, coa Ordenanza reguladora de Taxas invocada no informe municipal. O Concello de Padrón respondeu o 07/10/2021 indicando o seguinte:

“Cando se detecta a ocupación de chan de dominio público coa colocación postos no mercado dominical sen autorización, o con eia non renovada, o que procede é cominar ao ocupante a que retire a mercadona, deixando libre e expedita a vía pública, con advertencia de execución subsidiaria, e á súa costa, nos termos previstos no artigo 102 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Todo iso, sen prexuízo de ser conscientes que esta medida non é fácil que a leve a cabo sen existir unha previa resistencia dos donos destes postos.

É posible igualmente a aplicación daquelas medidas sancionadoras que se preven na ordenanza reguladora, o que pode resultar unhas medidas o suficientemente disuasorias como para que se corrixan os desmáns que normalmente se producen.

Agora ben, debemos ter así mesmo en conta que esa ocupación non deixa de ser unha utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, suxeita ao pago dunha taxa conforme o artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (BOE do 9), polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), e que está especificamente incluída no apartado 3.n) deste precepto pola "Instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreos de uso público local así como industrias ruerias e ambulantes e rodaxe cinematográfica".

Esta taxa percíbese cando se inicia o uso privativo ou o aproveitamento especial, tal e como así se establece no artigo 26.1.a) do TRLHL, polo que si se recolle na ordenanza, Ordenanza reguladora da taxa pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atracción en terreos de uso público, Publicación provisional : 24-12-2001 BOP N° 293 -- Publicación definitiva : 24-12-2001 BOP N° 293. Redacción Aplicable desde 23-01-2008, a mesma deberase liquidar cando se produce o feito impositivo, conte ou non coa autorización para colocar o posto, ou a mesma non estexa renovada.

Polo tanto, si se detecta a ocupación de chan de dominio público coa colocación postos no mercado dominical sen autorización, o con ela non renovada, ademais de poder sancionar

esta infracción, débese liquidar a taxa pola ocupación do chan, ademais de apercibir ao ocupante do posto para a súa retirada en tanto non conte coa autorización ou proceda a renovala.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. Segun consta na web do Concello de Padrón, a **venta ambulante** no mesmo régúlase pola **Ordenanza reguladora da venta ambulante no Concello de Padrón**, cuxa publicación definitiva prodúxose o 16/09/2002 no BOP número 213 e que é de aplicación desde o 21/11/2006. Así, o Artigo 11 da norma: *“As licencias serán persoais e intransferibles. Os seus titulares serán exclusivamente persoas físicas e serán concedidas por un prazo determinado, que en caso ningún excederá dun ano”*.

SEGUNDO. O Artigo 8 indica cómo haberá de **presentarse a solicitude** para a venta ambulante: *A solicitude para o exercicio da actividade deberá ser presentada pola persoa interesada ou o seu representante legal, mediante instancia dirixida ó lltmo. señor alcalde, no Rexistro Xeral do Concello, na que se fará constar os seguintes datos: (...)*

- *Xustificante de estar inscrito/a como traballador/a autónomo/a na Seguridade Social e estar ó día do pagamento das cotizacións correspondentes*
- *Xustificante de estar inscrito/a no imposto de actividades económicas e de estar ó día no pagamento. (..)*

TERCEIRO. O artigo 14 da norma sinala: *As licencias entregaranse logo da comprobación dos requisitos expresados no artigo 8 desta ordenanza*

CUARTO. O Artigo 16 sinala as obrigas en canto a exhibir os permisos nos postos: *a autorización municipal ou xustificante do aboamento do imposto de actividades económicas exhibirase obrigatoriamente no respectivo posto de venda. A Administración municipal resérvase a facultade de exercer, por medio dos seus axentes ou vixiantes autorizados, unha inspección periódica e constante para comprobar o cumprimento desta esixencia e o acatamento das restantes prescricións desta ordenanza*

QUINTO. O informe municipal indicaba que o interesado figuraba nos “padróns do Mercado” expostos ao público e que *“non consta nas dependencias municipais documento ou solicitude documental que acredite a baixa, xa que ata o día de hoxe, segue a figurar nos*

padróns fiscais do mercado”. Porén, como vimos no Artigo 11 da Ordenanza de venta ambulante as licencias **serán concedidas por un prazo determinado, que en caso ningún excederá dun ano**”. **Anualmente deben volver a solicitarse** acreditando os requisitos que figuran no Artigo 8.

SÉXTO. Según se acredita nos certificados de actividade económica da AEAT aportados polo interesado, este **non figura de alta nos anos 2017, 2018, 2019 e 2020**. Xa que logo, **non é posible que lle fora outorgada licencia** nestes exercicios para a actividade da venta ambulante

SÉTIMO. Non se aporta, en ningun dos informes municipais solicitados ao respecto do expediente do señor XXXXXXXXX, **denuncia nin parte municipal algún que indique que foi sancionado por ocupación de dominio público sen autorización** nin se aporta, por parte do Concello de Padrón, sanción algunha nesa dirección.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a concello a seguinte **recomendación**:

Dado que o interesado non pudo contar con licencia nos anos en cuestión e que tampouco conta con sanción algunha por ocupación do dominio público sen autorización, recoméndase anular a débeda correspondente ás taxas deses períodos.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do



conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo